



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA PARA O FOMENTO DA XESTIÓN DA "COMPLIANCE"

XUNTOS

D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Vicepresidente Segundo e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, nomeado para este cargo polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro (*Diario Oficial de Galicia* núm. 181, do 7 de setembro), en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante IGAPE), na súa condición de presidente, en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, pola que se crea o Instituto Galego de Promoción Económica.

Doutra, D. Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa, presidente da Confederación de Empresarios de Galicia (en diante CEG), con domicilio social na rúa do Vilar, número 54, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña). Actúa en representación da CEG, en virtude do seu nomeamento como presidente por acordo da Asemblea electoral extraordinaria celebrada o 21 de xaneiro de 2021 e das facultades emanadas do artigo 24 dos estatutos da CEG aprobados pola Asemblea Xeral do 29 de outubro de 1991 e polos modificados acordados pola Asemblea Xeral da CEG do 23 de febreiro de 2000 e o 29 de xuño de 2011.

Os asinantes, na súa representación, declaran ter a capacidade legal necesaria para formalizar o presente documento e, para tal fin,

EXPOÑEN

I. Que o IGAPE é a axencia de desenvolvemento rexional de Galicia, creada como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, para ser o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, e ten entre as súas funcións a de desenvolver unha actividade xeral de promoción dos valores empresariais da súa contorna encamiñada a incentivar o nacemento e desenvolvemento de novos proxectos empresariais e a internacionalización das empresas.

II. Que a CEG é unha organización privada e independente, cuxo principal obxectivo fundacional é o fomento do sistema de iniciativa privada e a economía de mercado na Comunidade Autónoma galega. Constituída no ano 1981 por común acordo das catro Confederacións Provinciais de Empresarios, a CEG é unha entidade sen ánimo de lucro, de afiliación voluntaria e de estrutura democrática. Desde a súa creación, a organización empresarial máis representativa no ámbito autonómico galego, é membro da Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE) e da Confederación Empresarial da Pequena e Mediana Empresa (CEPYME). Acta de Constitución e Estatutos,



que foron depositados segundo a Lei 19/1977, de 1 de abril e o R.D. 873/1977, de 22 de abril, na Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

III. Que nos últimos anos a CEG colaborou activamente nas iniciativas de desenvolvemento económico, traballando de maneira conxunta na identificación de proxectos empresariais no marco dos Fondos Next Generation para acadar unha mellora competitiva do tecido produtivo galego. Ademais, colaborou coa Xunta de Galicia de maneira importante co Plan Sumamos, onde se apoiou o tan necesario equilibrio entre saúde e economía, un conxunto de medidas postas en marcha para recuperar a través da colaboración público-privada, os niveis de competitividade previas á pandemia.

IV. O "compliance" é unha materia especialmente ampla, que abarca numerosos aspectos dentro da xestión e a orde dunha empresa. Aínda que algúns aspectos relacionados co "compliance" non son novos (sistemas de implantación de canles de denuncias, por exemplo), existe aínda un elevado descoñecemento acerca deles por parte de boa parte do tecido empresarial galego, composto no seu maior parte por pequenas empresas.

Que o IGAPE comprobou que nos últimos anos o comportamento responsable das organizacións adquiriu unha importancia moi relevante, para garantir o futuro das empresas e dos seus produtos.

A nivel internacional, este proceso foi definido como "*compliance*", creándose para tal efecto departamentos encargados de establecer e legalizar internamente os procesos axeitados para que as actuacións empresariais cumpran co marco normativo aplicable, os valores sociais imperantes e coa sustentabilidade nun sentido amplo. Atopámonos, polo tanto, na importancia de respectar a normativa aplicable; pero aínda máis alá da responsabilidade legal, existen factores de sustentabilidade produtiva, comportamento ético e responsabilidade social que, día a día, van cobrando forza como elemento diferenciador das empresas nos mercados nacionais e internacionais. Este proceso de xestión esta a ser asumido, sobre todo, polas grandes compañías multinacionais.

O "compliance" está a pasar de ser un conxunto de políticas, ferramentas e actuacións recomendables para unha empresa a requisitos que se integran cada vez máis na realidade empresarial. A necesidade de elaborar información anual de carácter non financeiro e a extensión da súa obrigatoriedade a empresas cada vez máis pequenas é unha mostra diso, xa que en moito casos a información esixida está directamente relacionada co "compliance".

Neste contexto, o que hoxe pode ser considerado por moitos como algo desexable ou recomendable, pasará a ser probablemente obrigatorio nun espazo relativamente curto de tempo.

Adicionalmente ao anterior, aquelas empresas que poidan anticiparse e elaborar cunha adecuada preparación un sistema sólido de "compliance" poden convertelo nun factor de competitividade. Esta factor de competitividade pode ser especialmente relevante a nivel comercial. En particular, as relacións comerciais internacionais e/ou con multinacionais están a comezar a incorporar a esixencia por parte do provedor deste tipo de elementos para poder comerciar.

Do anterior despréndese que existe unha relación crecente entre o fomento das relacións comerciais internacionais e o "compliance". É por iso que, nunha primeira aproximación,



considerouse que o apoio nesta materia podía ir aparelada dunha colaboración en materia de licitacións internacionais (que tamén tenden a incrementar as esixencias ás empresas interesadas en participar nestes procesos en canto a, por exemplo, prevención de riscos ou políticas de igualdade, entre outros).

Xunto con este maior protagonismo en materia comercial, a propia administración pública tende a ser cada vez máis esixente en aspectos relacionados co "compliance", requirindo do contratado ou da empresa beneficiaria de apoios públicos que cumpran con determinados requisitos, para obter unha maior puntuación no proceso selectivo, como plans de igualdade, por citar un exemplo.

Por todo o anterior, sería razoable establecer un esquema que permita á pequena e mediana empresa galega coñecer e sensibilizarse con estes aspectos en primeiro lugar, ser apoiada para realizar os plans en segundo termo, e ser requirida como terceiro paso ao cumprimento de determinados requisitos para, por exemplo, outorgar axudas públicas.

Segundo o esquema anterior, a comunicación e sensibilización é o primeiro paso. Para iso, enténdese que unha campaña de difusión e explicativa é unha medida efectiva a condición de que se poida garantir a permeabilidade da mesma ao tecido empresarial galego.

As empresas de calquera sector ou natureza poden esixir nalgún momento a función de "compliance" para a correcta xestión do seu negocio. Obsérvase que as pemes, polo seu tamaño, poden contar con menos recursos e atopar máis obstáculos para coñecer e manter actualizado o catálogo de obrigas que lles afecta, máis aló incluso das obrigas xurídicas propiamente ditas. Existen riscos, destacando os reputacionais, en todas as organizacións e sectores, derivados do incumprimento dos comportamentos éticos e socialmente responsables nas súas prácticas empresariais, que poden afectar, tanto a grandes como a pequenas compañías.

V. Que no marco das súas respectivas competencias, e dada a estreita relación de colaboración institucional da Xunta de Galicia coa CEG, acordan poñer a disposición das empresas con centros de traballo en Galicia unha serie de servizos de formación e divulgativos que permitan mellorar a competitividade das empresas.

Neste sentido, a Confederación de Empresarios de Galicia é a organización que máis pode axudar nesta transferencia de coñecemento, por aglutinar precisamente ao público obxectivo desta acción.

VI. O IGAPE reconece á CEG como a institución máis representativa de Galicia no ámbito empresarial e, polo tanto, é a que ten unha maior capacidade de capilaridade de actuación para beneficiar ao maior número de empresas, especialmente pemes e autónomos da comunidade.

VII. Por iso, tendo en conta a coincidencia de obxectivos das dúas entidades, no marco das súas finalidades e competencias, consideran de interese establecer unha colaboración para o desenvolvemento de actividades informativas e formativas en materia de "compliance".

Polo exposto, as partes asinantes están interesadas en colaborar para a consecución dos obxectivos comúns nas materias ás que se fai mención nos expositivos precedentes e, para ese efecto, subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes



ESTIPULACIÓN

1. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto desenvolver as bases de colaboración entre a CEG e o IGAPE para realizar accións formativas e de difusión en materia de "compliance", como apoio a mellora da competitividade actual e futura das pequenas e medianas empresas radicadas en Galicia.

A acción está dirixida a promover no seo do empresariado galego a adquisición de competencias para o desenvolvemento dunha cultura empresarial que permita promover a valoración reputacional das empresas galegas en canto ao cumprimento da normativa, a responsabilidade social e ética e a sustentabilidade ambiental.

O obxectivo é aumentar a competitividade das empresas galegas nos mercados nacionais e internacionais.

As partes realizarán conxuntamente este proxecto, que incluírá as seguintes actividades:

- Deseño e elaboración de 10 pímulas formativas e informativas audiovisuais dunha duración mínima de 2 minutos onde se recollan asesoramento sobre puntos clave, que permitan orientar ás pemes e autónomos para incorporar competencias de "compliance" a súa cultura organizativa. Estes vídeos deberían incorporar principios e prácticas de bo goberno en relación co cumprimento normativo en xeral, a sustentabilidade empresarial e produtiva, a ética corporativa e organizativa, a responsabilidade social, a igualdade laboral, a conciliación da vida laboral e a vida familiar e o investimento responsable e/ou outros que se acorden mutuamente. dentro da comisión de seguimento por proposta da CEG. Esta relación de temas tratados non é vinculante e pode variar en función das necesidades detectadas no ámbito empresarial.
- Organización e xestión de polo menos un curso de formación sobre esta materia cunha duración mínima de 8 horas dirixido a empresas.
- Organización dunha presentación presencial das iniciativas de "compliance" definidas neste convenio.
- Outras iniciativas de difusión e divulgación.

2. XUSTIFICACIÓN DA UTILIZACIÓN DA FIGURA DO CONVENIO

Motívase a utilización da figura do convenio dada a especificidade e as características que se dan na entidade CEG recoñecida como a institución máis representativa de Galicia no ámbito empresarial e, polo tanto, é a que ten unha maior capacidade de capilaridade de actuación para beneficiar ao maior numero de empresas, especialmente pemes e autónomos da comunidade. Por iso, tendo en conta a coincidencia de obxectivos das dúas entidades, no marco das súas finalidades e competencias, consideran de interese establecer unha colaboración para o desenvolvemento de actividades informativas e formativas en materia de "compliance".



Por outra banda, mediante este convenio o Igape non encomenda unha xestión de servizos á CEG senón que expón un marco de colaboración no que une as dúas experiencias e eidos de competencias de cadaquén para conseguir un fin común como é o desenvolvemento de actividades informativas e formativas en materia de "compliance".

Esta é a canle axeitada, rigorosa e segura a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

3. ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN, DIVULGACIÓN E FORMACIÓN

Todas as accións de difusión, divulgación e formación deberán ser coordinadas entre a CEG e a Vicepresidencia Segunda e a Consellería de Economía, Empresa e Innovación nos termos previstos no artigo terceiro, é dicir, logo da aprobación do plan de comunicación pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Todas estas actividades deberán cumprir as normas establecidas no manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia, dispoñible para a súa descarga no seguinte enderezo: <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>.

As actuacións previstas neste convenio realizaranse preferentemente de forma presencial, aínda que se prevé expresamente a posibilidade de executalas, total ou parcialmente, de forma non presencial se a evolución da situación epidemiolóxica derivada do Covid-19 e as medidas de prevención establecidas pola Xunta de Galicia para facer fronte á crise sanitaria aconsellan a execución nunha modalidade alternativa á presencial.

4. OBRIGAS DA CEG

Para o desenvolvemento das actuacións previstas na cláusula 1, a CEG, con medios propios máis os contratos necesarios para o cumprimento dos obxectivos, asumirá, en coordinación co IGAPE ou, de ser o caso, coa Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, os seguintes compromisos:

1. Creación de material audiovisual divulgativo ao que se refire a cláusula 1 deste convenio.
2. Accións formativas e de presentación:
 - Organización e xestión da actividade formativa a que se refire a cláusula 1.
 - A execución destas tarefas estará supervisada, dirixida e apoiada polo persoal directivo, técnico e administrativo da CEG.Para levar a cabo estas actuacións, a CEG comprométese a:
 - Facer unha proposta ao IGAPE do contido do curso.
 - Proposta e validación polo IGAPE para a contratación de relatores do curso.
 - Organización, deseño e xestión do evento de presentación. A proposta do acto de presentación, lugar, data e hora deberán ser validadas polos servizos de comunicación da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Acompañando a todo o proceso, a CEG porá en marcha unha campaña de publicidade informativa e de comunicación, dirixida a diferentes medios (prensa, radio e internet e redes



sociais) tras presentar o correspondente Plan de Comunicación á Vicepresidencia Segunda e á Consellería de Economía, Empresa e Innovación para aprobación.

5. OBRIGAS DO IGAPE

1. O cofinanciamento do orzamento de explotación, segundo o establecido na cláusula 7.
2. Participación activa nas xornadas de difusión organizadas pola CEG.
3. Participación na Comisión de Seguimento do Convenio establecida na cláusula 12.
4. A revisión das xustificacións da execución do convenio e a liquidación e pagamento dos correspondentes gastos do convenio.

6. ORZAMENTO DAS ACTIVIDADES A DESENVOLVER

O orzamento máximo de todas as actividades desenvolvidas ao abeiro deste convenio ascende a 47.223 €, dos cales a Xunta de Galicia a través do IGAPE financiará o 90%, cun máximo, polo tanto, de 42.500,7€. O anexo I "Memoria Económica" detalla esta contribución.

Límite de gastos admisibles: CONCEPTO	ORZAMENTO MÁXIMO
1. Actividades formativas/informativas	5.000 €
2. Días de presentación	2.500 €
3. Campañas publicitarias e outras accións divulgativas	10.000 €
4. Produción de contidos audiovisuais	25.000 €
5. Persoal de apoio administrativo da CEG e outro persoal propio da CEG dedicado ao obxecto do convenio.	4.723 €
TOTAL	47.223 €

Sen prexuízo do anterior e sen necesidade de instar o procedemento de modificación do convenio, poderanse aceptar variacións nas partidas de gasto coa limitación do 20%, é dicir, admitirase como válido o gasto da cantidade máxima establecida por apartado, mais un desvío do 20%, sempre que non aumente o importe total do gasto aprobado e que non se desvirtúen as características dos programas.

7. FINANCIAMENTO DO IGAPE

O Igape financiará o 90% do orzamento total de gastos do proxecto, con fondos propios do Igape con cargo á partida 06.A1.741A.640.0 dos seus orzamentos para os anos 2022 e 2023 de acordo coa seguinte distribución plurianual:

Partida orzamentaria	Ano 2022	Ano 2023
06.A1.741A.640.0	17.550€	24.950,7€



8. FINANCIAMENTO DA CEG

A CEG cofinanciará as actividades contempladas neste convenio coa imputación de custos de dedicación de persoal propio, de acordo co punto 5 do cadro de conceptos de gastos da cláusula 6. Para a percepción de todo o financiamento do IGAPE, o importe desta asignación non poderá ser inferior ao 10% do importe total xustificado.

9. INDICADORES DE RENDEMENTO E RESULTADOS

A CEG deberá levar un reconto continuo do traballo realizado, e as empresas asesoradas para que poida xerar unha táboa de indicadores de resultados con, polo menos, o seguinte detalle:

	Resultado	Obxectivo
Visitas ao contido audiovisual de "compliance", todos os medios		5.000

Os resultados deben ser optimizados para acadar os obxectivos propostos.

10. GASTOS ADMISIBLES

Serán admisibles os gastos sen dúbida imputados ás actuacións sinaladas na cláusula 6:

- Gastos de contratación de servizos externos para o cumprimento dos obxectivos do convenio.
- Gastos específicos para o desenvolvemento dunha campaña informativa e de comunicación.
- Desprazamentos: desprazamentos mediante transporte público ou coche propio, en cuxo caso será necesaria a certificación do secretario xeral da CEG.
- Gastos de organización e restauración:
 - Contratación de relatores
 - Aluguer de espazos e medios audiovisuais para a realización de eventos
 - Contratación xeral de medios para a realización dos eventos
 - Programas, folletos e material para os asistentes ao evento
 - Cátering para eventos
- Gastos de persoal de apoio da CEG na medida da súa dedicación ao obxecto do convenio.

O listado non ten carácter exhaustivo.

Os gastos deberán realizarse e pagarse efectivamente no prazo de vixencia do convenio e, polo tanto, só se aboarán os gastos que se produzan desde a data de sinatura do convenio e ata o 15 de novembro de 2023.

Será obrigatorio recoller 3 orzamentos para todos aqueles gastos de contratación externa iguais ou superiores a 15.000 € máis IVE, e xustificar a selección do provedor se non é o máis económico.



Os gastos nos que incorra a CEG serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas nas liquidacións do convenio, e minguarán o importe total a chegar polos asinantes na mesma porcentaxe que achegan ao convenio. En ningún caso a contribución do Igape aos fins do convenio superará o 90% do gasto incorrido atendible, unha vez detraídas as devanditas cantidades.

11. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O financiamento do IGAPE realizarase a medida que se xustifiquen ante o IGAPE os gastos realizados pola CEG sobre os gastos sostidos, mediante certificacións trimestrais. As ditas certificacións presentaranse durante os 10 días seguintes ao remate do trimestre natural, agás a do último trimestre de 2022, que terá que presentarse antes do 15 de novembro de 2022, e a derradeira, que terá que presentarse o 15 de novembro do 2023, como data límite. A presentación se fará de forma telemática na sede virtual do IGAPE na páxina <http://tramita.IGAPE.es>, en particular, a través do código de procedemento PE001, achegando copias dixitalizadas da documentación que a continuación se relaciona.

A liquidación final quedará pendente da xustificación final do Convenio.

O pagamento das actuacións realizadas será a cargo do IGAPE e, para iso, a CEG deberá presentar:

1. Memoria xustificativa do cumprimento das actuacións contempladas neste convenio, indicando as actividades desenvolvidas, os resultados obtidos e as incidencias máis significativas.
2. Memoria económica xustificativa do gasto nas actuacións realizadas, que conterà:
 - a) Certificación expedida pola CEG do total dos gastos realizados no período imputable ao convenio acompañada dunha memoria económica con relación clasificada dos gastos imputables, identificando concepto, acredor, documento, importe e data de emisión e data de pagamento. En cada certificación, a CEG deberá incluír a imputación de dedicación de persoal
 - b) Xustificación dos gastos admisibles: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados á relación clasificada de gastos.
 - c) Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se aceptarán pagamentos en efectivo.
 - d) Xustificación, de ser o caso, doutros ingresos, públicos ou privados, obtidos para financiar as actividades, que non poderán superar o 100% do seu custo total.
 - e) Cando na contratación de servizos o importe sexa igual ou superior a 15.000 € máis IVE requiriranse tres ofertas de distintos provedores, con carácter previo á contratación do servizo, e xustificarse a selección do provedor se non é o máis económico.
 - f) Custos salariais (incluídos SS) das persoas contratadas ad hoc e do persoal propio asignado, nóminas mensuais, documento de pagamento, entrada de cotas sociais e ingresos, se é o caso, das retencións do IRPF que resulten de solicitude.
 - g) Desprazamentos por medio de transporte público ou vehículo propio: certificación do secretario xeral da CEG dos desprazamentos realizados no desenvolvemento do proxecto, o seu pagamento pola CEG aos técnicos



correspondentes, xuntando os tickets ou recibos de transporte público ou as follas de liquidación por desprazamento en vehículo propio.

3. Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas nas que se acredite que a CEG está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública autonómica ou autorización para que a Xerencia do IGAPE realice estas consultas polos seus propios medios. De conformidade co establecido na cláusula 18 deste convenio, a CEG autoriza a realización desta consulta.
4. Declaración expresa da CEG de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades non están relacionadas con ela (o mero feito de ser empresa asociada á CEG non implica vinculación algunha).
5. No caso de estar exento de IVE, documentación xustificativa da exención.
6. Declaración de titularidade da conta bancaria onde se vaian realizar os pagamentos.
7. Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto deste convenio.

En todo caso, o IGAPE resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere necesaria en relación coa execución das actuacións obxecto deste convenio, e calquera outra que considere oportuna para a correcta xustificación dos gastos e o seu pagamento.

Procederá a redución do financiamento concedido cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas non acaden os importes dos gastos establecidos, ou o financiamento adicional obtido, se é o caso, sumado ás axudas do IGAPE supere os custos acreditados, e sempre que esta redución non implique un mal rendemento do programa.

A CEG manterá a disposición do IGAPE ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, como Intervención Xeral, Tribunal de Contas, Consello de Contas e os órganos de control da Comisión Europea, todos os documentos xustificativos dos gastos e ingresos obtidos para a súa comprobación in situ, ben por medios propios ou por medio dun auditor externo.

12. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Co fin de facilitar a execución e desenvolvemento deste convenio, así como o seguimento do cumprimento das súas estipulacións, constituirase unha comisión integrada polos seguintes membros:

- 1 vogal do IGAPE, que actuará como presidente.
- 1 vogal da CEG, que actuarán como Secretario.

As partes poderán modificar por mutuo acordo a composición da comisión. O acordo de modificación incorporárase como addenda ao convenio.



Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, interpretación e control do establecido neste convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento realizarase baixo o réxime xurídico dos órganos colexiados recollido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento do Administración xeral e sector público autonómico de Galicia.

13. PRAZO DE VIXENCIA

Establécese como prazo de vixencia do convenio desde a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2023.

14. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O convenio extinguirase polo cumprimento das accións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

As causas de resolución son:

- O vencemento do prazo do convenio sen ter acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por calquera dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá comunicarlle ao incumpridor a obriga de cumprir nun prazo de 10 días hábiles as obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requisito será comunicado á Comisión de Seguimento do Convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo sinalado no requirimento persiste o incumprimento, a quen o dirixiu comunicará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e o acordo entenderase resolto.
- Por resolución xudicial que declare a nulidade do convenio.
- Causas excepcionais que requiran unha modificación substancial do seu obxecto.
- Imposibilidade de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos con ela.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas no convenio ou noutras leis.

Se concorresen algunha das causas de resolución do convenio e existisen actuacións en curso, as partes, por proposta da Comisión de Seguimento do Convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa realización, transcorrido o cal deberá efectuarse a liquidación.

15. PUBLICIDADE

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, do IGAPE, e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e da entidade beneficiaria, polo



que a sinatura do convenio implica a autorización dos asinantes do presente convenio para o tratamento necesario dos datos da entidade e da citada publicidade, así como a súa cesión por parte do IGAPE aos órganos competentes da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

A CEG deberá facilitar toda a información necesaria para que o IGAPE cumpra coas obrigas recollidas no título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento destas obrigas serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

16. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A sinatura deste convenio non suporá relación laboral, contractual ou de outra índole entre os profesionais que desenvolvan as actividades obxecto do presente convenio e calquera das entidades públicas asinantes do presente convenio.

17. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña por obxecto a consecución dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A dita modificación terá por obxecto reducir o volume das obrigas ou ampliar o seu prazo de execución.

Calquera modificación que se produza no contido deste convenio será proposta pola Comisión de Seguimento e deberá formalizarse na correspondente addenda.

18. AUTORIZACIÓNS

A CEG consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos correspondentes rexistros públicos, de conformidade co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre o contido dos citados rexistros, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sita no Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira onde se efectúe o pagamento, ao Diario Oficial de Galicia e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén suporá a autorización ao IGAPE para solicitar as certificacións que deban expedir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administracións Públicas da Xunta de Galicia, no caso de que estes certificados deban presentarse no fase de emenda, despois de que a consulta polo IGAPE non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo IGAPE, que se comunicará na solicitude de modificación da documentación.

19. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RGPD) e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía de dereitos (BOE no 294, do 6 de decembro), se algunha das partes accede a datos persoais contidos en ficheiros titularidade da CEG, adquire a condición de xestor de datos e comprométese a:

- Non utilizar nin tratar os datos persoais para fins alleos á execución do presente convenio, non comunicar os datos en ningún caso a terceiros, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, publicar ou difundir ningunha información sobre os mesmos os datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implantación.
- Ao final da relación, por calquera motivo, os datos persoais aos que tiveran acceso as demais partes deberán ser destruídos ou devoltos á CEG, incluído calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai que os restantes respondan das infraccións cometidas coma se ocupasen o posto de responsable do tratamento.

O IGAPE responde ante a CEG do cumprimento destas obrigas por parte das persoas que, pola súa representación, participen de calquera forma na execución do presente convenio.

20. NATUREZA XURÍDICA E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Este convenio ten carácter administrativo e regularase polo disposto nestas cláusulas e pola lexislación aplicable. De conformidade co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español/UE as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24, do 26 de febreiro de 2014, queda excluída do ámbito de aplicación do dito regulamento.

As partes comprométese a resolver de común acordo calquera controversia que puidese xurdir sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoa á Comisión de Seguimento prevista. De persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

21. NORMATIVA APLICABLE

Para todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (*DOG* nº 82, do 30 de abril) polo que se recolle o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outras entidades públicas e de colaboración con persoas físicas, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga o primeiro.



E en proba de conformidade, asinan este documento o 26 de abril de 2022.

Polo Instituto Galego de Promoción
Económica

Pola Confederación de Empresarios de
Galicia

Francisco José Conde López

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa